

A CASA DO BARÓN

PARADOR DE TURISMO DE PONTEVEDRA

Alfonso Mumary Ruibal

De comenzo teño que dicir que algúns datos deste artigo foron sacados duns folios manuscritos que manexei no Museo de Pontevedra pertencentes á familia González García. Do que teño lido sobre o particular, estes folios conteñen a maior información atopada por min sobre este emblemático edificio pontevedrés.

Nas primeiras décadas do s. XX coñeciábase como Casa de Cea Naharro, Casa Goda e Casa de Luaces; a finais do s. XIX chamóuselle Casa do Barón; no s. XVIII era o Pazo da Ramallosa e no s.XVII foi denominado Casa de Maceda e Casa das Ameas.

No lugar onde está, existía unha antiga vila romana e sobre as ruínas de dita vila construíuse o primitivo pazo de Maceda que sufriu numerosas modificacións no transcurso do tempo. A reforma máis importante tivo lugar no s. XVIII, sendo os Condes de Maceda quen lle deron o aspecto actual.

D. Benito de Lanzós foi o propietario construtor, Conde de Maceda, Grande de España, Señor de Sobrán, Mourente, Lanzós e San Antoíño.

Co tempo pasou a ser propiedade dos Marqueses de Figueroa y Atalaya.

Os pasaxeiros nomes que os pontevedreses lle deron, reflicten a varia fortuna desta Casa, da maior prestancia e señorío. Enclavada en amplo solar, con máis aires de gran pazo campesiño que de aristocrática residencia, é o que parecería corresponderlle pola súa situación intra muros da vila.

Nos catro séculos transcorridos dende que se levantaron as súas antigas paredes, cambiou moitas veces de donos, por lexítima herdanza, por contrato foral, por venda ou por sentenza de xuíz competente.

Pasou por días de feliz esplendor, coidada, decorada e enriquecida polos seus posesores, máis tamén tivo épocas tristes de abandono e ruína.

Polo que se sabe máis dunha vez foi saqueada e outras serviu de aloxamento a soldados ou a cómicos da lingua. Foi almacén de comestibles, escola de primeiras letras, academia da banda de música e trasteiro municipal.

É comprensible que con estas mudanzas a fantasía popular tecera unha lenda da casa na que non faltan pasaxes subterráneas e fantasmais aparicións que como a do Urco puxeron pavor nas xente de fai máis dun centenar de anos.

Un preito establecido para a súa posesión engade, e non pouco, ao pouquísimo que se sabe da historia desta casa. Refírome a dous foros que se gardan no A.H.N. de Madrid, Consejo de Castela, e que están mecanografados e fotocopiados na carpetiña da familia González García, no Museo de Pontevedra:

Juan Antonio Montenegro veciño da vila de Pontevedra sobre que se aprobe a escritura de foro dunha casa outorgada a seu favor polo Conde de Maceda. 1800. Leg 1992/ 16.

D. Gregorio Montenegro y Puga con D. Joseph M^a Tineo sobre que se declare pola providencia da Chancelería de Valladolid sobre a pertenza dun suntuoso edificio na vila de Pontevedra que pertenceu aos Condes de Maceda. Conten notoria inxustiza. 1803. Leg. 32.112 / 15.

A casa vella dos Sarmiento Montenegro (do Chanceler de Milán), pasou ao Conde de Vega del Sella (galego pola súa nai), de aí a Figueroa, deste ao seu neto Maceda, e é este o do foro e orixe do preito.


O reclamante Tineo, cuñado de Acuña Malvar, alega no dominio pero non presentou a escritura de foro aínda que sen dúbida era herdeiro por outra ponla de Figueroa, dos Sarmiento e Montenegro.

No seu entusiasmo por embelecer o pazo, Figueroa dende 1746 a ¿1780? (ano da súa morte), arranxou a rúa da Ramallosa facendo unha especie de beirarrúa e ampliouna, conseguindo do Marqués de la Sierra que retirase o muro do xardín dez palmos atrás.

O veciño de Souto di que había escaleira de caracol no lado da Enfesta. Testemuñas din de porta tapiada na Enfesta. Tamén se afirma que Figueroa fixo a entrada e escaleira principal fronte pola Ramallosa e sen dúbida faría tamén a actual escaleira de pedra.

Non hai seguridade pero parece que no s. XVIII a torre non tiña ameas e parece as quitou Figueroa no arranxo.

A casa sitúase (foro de 1798) fronte polo levante á Ramallosa (hoxe Maceda), vendaval ao fondo da casa dos criados.



Parece claro que dende finais do s. XV ou principios do XVI existía unha vella casa cuxa fronte daba á rúa Enfesta e tiña á torre ao fondo na rúa da Ramallosa.

Nesta situación e despois do preito pasa a mans de Figueroa que lle engade unha á (a entrada actual). Fai un portal, patio solado e, enfronte, a corte para cabalos e casa de criados.

Salón con dúas portas vidreiras á rúa (van xa seis portas vidreiras á rúa). Gabinete que fai esquina ao norte con dúas portas (van oito) e unha ventá.

Contiguo un cuarto con ventá vidreira e na esquina un cubo de pedra e a escaleira de caracol que baixa á adega.

Sete pezas interiores e a cociña pisadas de pedra.

Un cuarto alto fronte ao eixido ou horta.

Peza da torre.

Caixa anexa cortiña por medio.

Casa de cabalairiza e habitacións de criados fronte á principal, patio por medio.

Un corpo alto no medio (a torre?).

Portal interior fronte ao patio (foro de 1798).

Segundo o recoñecemento dos mantedores, a casa tiña a porta principal onde está agora.

Do zaguán, do piso de lousa en pedra e paredes en llana e cal, saía a escaleira ao primeiro piso iluminada por unha claraboia.

Había ¿abaixo?, unha salina de recibimento con piso de pedra e faiado de madeira. Tiña cinco portas, unha delas, con medio corpo de vidros, daba ao patio.

A antesala (arriba?), tiña unha porta que daba a un pasadizo fronte ao patio con dúas ventás con vidro.

O oratorio, peza contigua a unha alcoba.

Peza cadrada con dúas portas vidreiras á rúa principal.

Sala de entrada con dúas portas vidreiras van á rúa principal que dan a un balcón de ferro.

Outras dúas portas (subterráneas?) e outra que sube á torre.

Nos foros mencionados ao principio do artigo hai bastante máis información sobre a casa, os personaxes e as testemuñas, que por ser bastante extensos serán expostos en próximos artigos.

Personaxes importantes desta Casa:

D. José Benito de Lanzós Novoa y Montenegro (11-XII-1670 Santiago, 28-II-1726 Santiago). III Conde de Maceda, e III Vizconde de Laiosa. Sr. De Louriñá, Illas de Ons, Torre de Montenegro, etc. Grande de España de 1ª clase (1710), Xentilhome de Cámara da S.M.; casado con Dª Teresa Taboada Vilamarín y Castro e neto de D. Alonso de Lanzós y Andrade.

Son as armas dos Lanzós: en campo de azur, un carballo natural, perfilado de prata e terrasado de sinople, e, arrimadas á súa copa, cinco lanzas de prata, tres á dereita e dúas á esquerda.

Hai outras variantes.

Os Lanzós liñaxe galega. De Salvador de Louredo, concello de Mos, partido xudicial de Redondela (PO). Probou a súa nobreza na Orde de Santiago en 1620, 1630, 1658 e 1752. D. Alonso de Lanzós e Novoa foi creado Vizconde de Laiosa en 13-12-1632, título que foi convertido no Condado de Maceda en 21 -09-1654.

Barón de Casa Goda: Concedido por Real Despacho de 6 de abril de 1769 e Real decreto de 18-02-1769 a D. Mateo Miguel Naharro, nobre do reino de Aragón. Do Consello da Súa Maxestade e Secretario do da Facenda, de vella infanzonía, varias veces executoriada, foi exaltado a Barón...

Figueroa (Marqués de).- Concedido en 6 de maio de 1675 a D. Baltasar Pardo de Figueroa foi creado Primeiro Marqués de Figueroa e casou con Dª María Pardo de Figueroa y Prada, súa curmá; o seu fillo foi:

D. Juan José Pardo de Figueroa, Terceiro Marqués da Atalaya e segundo de Figueroa, quen casou con Dª Ana Gregoria Duquesa da Estrada, tendo a:

D. Baltasar Manuel Pardo de Figueroa e Duque da Estrada, que casou con Dª Ana Jacoba de Valladares e Mariño de Lobeira, cuarta Vizcondesa de Fefiñáns. Este Matrimonio foi quen mandou labrar os escudos acolados que están na porta principal e que corresponden a Pardo-Valladares.



Os Pardo-Valladares

Sobre unha cartela con adornos e grinaldas, atópanse dous escudos de forma ovalada:

PARDO.- De ouro, unha aguia de sable, coas ás abertas.

VALLADARES.- Xaquelado de ouro e goles de seis e nove ordes.

Timbrado con coroa.

Fronte por fronte deste escudo e na casa dos criados e cabalairiza, hai un escudo de moi pouco relevo, da primeira metade do s. XVI, pola típica cartela do renacemento.

Sobre a propia cartela está feito o escudo que representa a liñaxe dos:

MONTENEGRO.- De azur, un M coronado, todo de ouro.



Os Montenegro

Tódolos autores dan como propietario deste escudo a D. Lope de Montenegro; Sr. da Casa e Torre de Trabanca, que casou con D^a Ana de Soutomaior, filla de D. Alonso de Soutomaior, Sr. de Soutomaior e de D^a Inés Enríquez Monroy.

No s. XX, o periódico El Litoral de Pontevedra o 26-10-1953, sacaba a seguinte noticia:

No próximo verán, será inaugurado o Parador de Turismo da Casa do Barón.

Máis de catro millóns de pesetas importarán as obras do edificio, aparte todo o enxoval.

Total modificación das vías de acceso e arredores.

Estancia en Pontevedra do Arquitecto da Dirección Xeral de Turismo, D. Manuel Saínz de Vicuña y García Nieto, autor do proxecto e director técnico da obra de transformación en Parador de Turismo da Casa do Barón.

O Sr. Saínz de Vicuña é bisneto daquel gran patricio chamado D. Eugenio Montero Ríos e neto de Sr. García Prieto, Marqués de Alhucemas.

E no mesmo periódico e con data 23-12-1954, aparece un artigo titulado "O bo servizo do pasado" escrito por Francisco Javier Sánchez Cantón, a quen me permito traducir:

O edificio ultimamente adscrito a tan nobre designio é a Casa do Barón en Pontevedra, construída no s. XVI a poucos metros da ponte que dá nome á cidade e é emblema "parlante" no seu escudo;

pertenceu aos Condes de Maceda e no s. XVIII pasou á rama dos Baróns de Casa Goda. Pazo amplo e con empaque- ocupado moitos anos por escolas e por talleres de fontanería municipal, etc-, ten condicións excepcionais para o aproveitamento que agora se lle dá. Cen pasos o separan da estrada máis transitada de Galicia (A Coruña-Santiago a Vigo) e 300 metros da que lle vai á zaga (Pontevedra á Toxa). Situado no extremo do barrio monumental da cidade terá acceso inmediatamente ao fermosísimo templo de Santa María a Grande, onde o plateresco fala con acento manuelino dentro do concepto especial dun monumento clásico. Dotado de ancha lonxa lousada e de catro xardíns: diante da súa fachada maior e da súa portada, á altura da planta principal e a nivel da superior. Situación e profusión de xardíns únicos para quen ansíe sosego.



O Parador

Bibliografía.

- Arquivo familia González García. Asunto: Casa do Barón de Pontevedra. Museo de Pontevedra.
- Heráldica Pontevedra. Escudos de armas labrados en pedra existentes en la zona monumental. Luís F. Messía de la Cerda y Pita con la colaboración de Jaime Bugallal y Vela en la parte genealóxica y heráldica. Ed. Excma. Diputación Provincial de Pontevedra.
- Genealogía del Linaje Lanzós y Andrade, s.XV – XVIII na www.xenealoxiasdoortegal.net
- Gran Enciclopedia Galega.
- Periódico "El Litoral" de Pontevedra, anos 1953-54.

Nota: Fotos orixinais do Autor